

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

SOBRE A FROITA DO EUME E A FESTA DAS PERAS

A AGFA do Eume, co obxecto de fomentar e dar a coñecer parte da historia do que foi o Mercado Tradicional da froita e a Festa das Peras e a incidencia económica e social que tivo a froita na Comarca do Eume e o seu entorno, ademais de fomentar a conservación e promoción da froita autóctona e o consumo da mesma, convoca este I Concurso de fotografía.

O Concurso rexerese polas seguintes

BASES

- I. Poderá participar calquera persoa da Comarca do Eume, non profesional en activo, que dispoña de fotografías anteriores o ano 1999, en representación propia ou ven en delegación doutras
- II. As fotografías versarán sobre aspectos relacionados ca horta e, máis concretamente, cos froitos do país e as súas variedades, o mercado tradicional, o transporte da froita e a celebración da Festa das Peras.
Ademais da calidade da fotografía valorarase a expresividade do feito histórico e social.
- III. Os traballos serán individuais e cada concursante poderá presentar ata cinco fotografías inéditas. As fotografías irán acompañadas dun sobre co enderezo completo do autor/a, e teléfono de contacto.
- IV. **Os traballos entregaranse antes do día 7 de setembro**, en formato non superior a 20x30, na Casa da Xuventude, na Biblioteca Pública, enviándoas por correo certificado a AGFA do Eume, LG. As Pedridas 18 , Campolongo, 15614 – Pontedeume, ou ben a calquera dos membros da Directiva da AGFA do Eume.
Mais información: info@agfadoeume.org
- V. O fallo darase a coñecer publicamente nos actos da xornada das Festas das Peras dedicada á froita da comarca.
A entrega de premios será na Casa da Xuventude, o día 9 de setembro, as 18:30 horas.
É obrigatorio a asistencia dos premiados ó acto de entrega .
- VI. Concederáse un premio único de **150 euros**.
- VII. O Xurado estará integrado por membros da propia AGFA do Eume e persoas maiores destacadas no desenrolo de Pontedeume. O Xurado poderá declarar deserto o premio se os traballos non se ateen ós criterios requiridos.
- VIII. Corresponde ó propio Xurado a interpretación destas Bases.
- IX. AGFA do Eume resérvase a posibilidade de sacar unha copia e publicar as fotografías presentadas no momento e lugar que o considere conveniente.

ASOCIACIÓN GALEGA DA FROITA AUTÓCTONA DO EUME

